



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 006/230518  
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

## MANUAL DE ANÁLISES DE PERIGOS E PUNTOS DE CONTROL CRÍTICOS (APPCC)

### DESCRIPCIÓN

Provisión de servizos especializados de laboratorio para depuradoras, cetáreas, cocedoiros, plantas de elaborados, conxelados de peixe, mariscos, pescadarías e distribuídores de produtos da acuicultura, o marisqueo e a pesca.

Servizo destinado á **implantación do sistema APPCC** nas industrias do sector. Sistema que permite identificar perigos específicos e medidas para o seu control co fin de asegurar a máxima calidade alimentaria nos sistemas de produción. Trátase dunha ferramenta preventiva e de control permanente da produción e dos produtos.

**Asesoramento técnico** en todas as etapas de implantación do sistema APPCC na empresa. Entrega do **manual exclusivo** para a súa empresa coa documentación necesaria para o mantemento do sistema.

### CARACTERÍSTICAS

Principios xerais do sistema APPCC: (1) Identificación dos posibles perigos asociados co manexo ou produción de alimentos e enumeración de medidas preventivas, (2) Determinación dos puntos críticos de control (PCC), (3) Establecemento dos límites críticos, (4) Establecemento de sistemas de vixilancia, (5) Establecemento de medidas correctoras, (6) Establecemento dos procedementos de verificación e (7) Establecemento do sistema documental de todos os procedementos e rexistros xerados polo sistema.

Desenvolvemento dos compoñentes do Manual APPCC: (1) Descrición do produto, (2) Elaboración de diagramas de fluxo, (3) Elaboración de rexistros e fichas de monitorización, (4) Elaboración de plans de limpeza, (5) Determinación das análises microbiolóxicas e físico-químicas necesarias e (6) Plan de mantemento de equipos e útiles de traballo, etc.

### OBSERVACIÓNS

Laboratorio acreditado pola Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia, ref. SA680A 2002/19-0. Certificación ISO 9001:2008 N.º CA-1.061.

Periodicidade das visitas: realizaranse visitas regulares ás instalacións da empresa para a toma de datos, determinación de puntos críticos de control, formación do persoal, etc. Unha vez que estea implantado o sistema APPCC levarase a cabo un seguimento para manter toda a documentación ao día.

Ensayos analíticos realizados mediante métodos normalizados (normas ISO, *Standard Methods*, AOAC, AFNOR, etc.).

Para maior información, realización doutras análises específicas e obtención dunha oferta detallada consulte co noso laboratorio en [laboratorio@acuinuga.com](mailto:laboratorio@acuinuga.com).